



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 26 DE
FEBREIRO DO ANO DOUS MIL QUINCE.**

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

D. Amando Sande Agra.

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. José Ramón García Vázquez.

PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSOE)

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

Faltaron os seguintes os/as Concelleiros/as :

D. Antonio Blanco Estevo.

Dona Angela Pérez Vázquez.

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.



Sendo as catorce horas do día vinteseis de febreiro do ano dous mil quince, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor, D. Iván Ponte Mahía, que da fe dó acto.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2014, a acta da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de decembro de 2014 ou á acta da sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2014.

Ante a ausencia de alegacións ó acta da sesión ordinaria de 10 de xullo de 2014, a acta da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de decembro de 2014 ou á acta da sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2014, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, acordou aprobar, por unanimidade dos membros presentes, a acta da sesión ordinaria de 10 de xullo de 2014, a acta da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de decembro de 2014 e a acta da sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2014.

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 292 ata o número 408 do ano 2014, ambos incluídos, e do decreto número 1 ó 61 do ano 2015, tamén ambos incluídos.





PUNTO TERCEIRO.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 3º E 4º TRIMESTRE DO 2014.

O Sr. Alcalde- Presidente abre este punto do orde do día outorgando o turno de palabra o Sr. Secretario do Concello para que proceda a dar conta do informe, en extracto, de estabilidade orzamentaria do 3º e 4º trimestre do presente ano.

O Sr. Secretario dispónse a ler de maneira literal o contido do informe relativo ó 3º trimestre:

“En cumprimento con lo establecido por la Ley Orgánica 2/2012, se da a conocer al Pleno el siguiente informe de evaluación sobre el cumplimiento del objetivo de Estabilidad Presupuestaria y de la regla de gasto del 1º trimestre del presente año que literalmente afirma lo siguiente:

“ Comunico los datos correspondientes al Informe de Evaluación de cumplimiento de objetivos que contempla la Ley Orgánica 2/2012 y que suponen que el Presupuesto de las Entidades que forman parte del Sector Administraciones Públicas de esta Corporación:

Cumple el objetivo de Estabilidad Presupuestaria.

Se estima que la Corporación incumplirá con el objetivo de la Regla del Gasto.

O Sr. Secretario dispónse a ler, en extracto, as conclusións, do informe relativo ó 4º trimestre:

“En cumplimiento con lo establecido por la Ley Orgánica 2/2012, se da a conocer al Pleno el siguiente informe de evaluación sobre el cumplimiento del objetivo de Estabilidad Presupuestaria y de la regla de gasto del 1º trimestre del presente año que literalmente afirma lo siguiente:

“ Comunico los datos correspondientes al Informe de Evaluación de cumplimiento de objetivos que contempla la Ley Orgánica 2/2012 y que suponen que el Presupuesto de las Entidades que forman parte del Sector Administraciones Públicas de esta Corporación:

Cumple el objetivo de Estabilidad Presupuestaria.

Valoración cumplimiento pendiente de PEF de acuerdo con LO 2/2012.

Nivel de deuda viva es 1.144.944,64



PUNTO CUARTO.- DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2015.

O Sr. Alcalde dispónse a explicar a proposta de Alcaldía que, literalmente, establece:

"Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos debido á presentación de facturas correspondentes a exercicios pasados que non foron pagadas durante ditos periodos;

Visto que a cantidade total das facturas que pertencen a anos anteriores ascende a cantidade de 335.229,38 euros e visto que existe disponibilidad en tesourería para facer fronte a estos gastos xa realizados;


Visto o informe da Intervención Municipal en relación ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2015.

Visto o establecido no artigo 60.2 en relación co 26.1 c) do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril, regulador da normativa orzamentaria das entidades locais.

Visto que o recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo necesario que ten por obxecto a vulneración do principio de anualidade e como efecto a incorporación ó orzamento de obrigas derivadas de gastos provintes de exercicios anteriores.

Visto que corresponde ó Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos;

Visto canto antecede, o Sr. Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:





PRIMEIRO. - *Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2014 formado polas facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e que se acompañan ó presente expediente."*

SEGUNDO. - *Proceder á retención de crédito con cargo ó orzamento do ano 2015 por importe de 335.229,38 para atender os compromisos que se deriven do recoñecemento extraxudicial de créditos polo departamento de intervención.*

O Sr. Alcalde expón que se trata da aplicación do mecanismo establecido na Lei de facendas locais para facer fronte a aqueles gastos realizados no ano e que non se puideron pagar por diferentes razóns. Insiste no feito de que existe tesourería suficiente no Concello para facer fronte a todos estes pagos, o cal considera que é unha proba da boa saúde financeira do Concello.

Ante a ausencia de máis debate, procedese á votación.

O Pleno do Concello de Palas de Rei, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. - *Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2014 formado polas facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e que se acompañan ó presente expediente."*

SEGUNDO. - *Proceder á retención de crédito con cargo ó orzamento do ano 2015 por importe de 335.229,38 para atender os compromisos que se deriven do recoñecemento extraxudicial de créditos polo departamento de intervención.*





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Antes de pasar o turno de rogos e preguntas, en virtude do artigo 91.4 o Sr. Alcalde pregunta ós portavoces dos grupos políticos se teñen algunha moción para presentar ou algún asunto de urxencia que non estivera na orde do día. Ningún portavoz toma a palabra ante o cal o Sr. Alcalde presenta o seguinte asunto de urxencia:

--- DEBATE E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO CON REFERENCIA CATASTRAL 270400A12609010000HJ SITO EN GANDARELA, PARROQUIA DE CUBELO.

O Sr. Alcalde dispónse a ler, de maneira literal, a proposta de alcaldía:

"Con data 10 de xullo de 2014, o Pleno da Corporación acordou incoar o procedemento para proceder a desafectación dun camiño público na localidade de Gandarela con referencia catastral 270400A12609010000HJ, pasando de ser un ben de dominio público a ser un ben de carácter patrimonial;

Considerando que no expediente queda xustificado que non cumpre o fin a que foi destinado e que no periodo de exposición pública e notificación os colindantes non presentaron alegacións, o Sr. Alcalde propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - *Alterar a calificación xurídica dos tramos 1 e 3 (segundo o informe técnico) do camiño con referencia catastral 270400A12609010000HJ, pasando de ser un ben de dominio público a ser un ben de carácter patrimonial;*

SEGUNDO. - *Reflexar na rectificación anual do Libro de Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que se propón.*

TERCEIRO. - *Facultar o Sr. Alcalde para que suscriba os documentos e realice os trámites que sexan necesarios en orde a cumprir a execución dos anteriores acordos."*





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

O Sr. Alcalde explica que o que se trae agora ó Pleno da Corporación é a aprobación do último paso deste expediente de desafectación dun camiño público.

Ante a ausencia de máis debate, o Pleno do Concello de Palas de Rei, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Alterar a calificación xurídica dos tramos 1 e 3 (segundo o informe técnico) do camiño con referencia catastral 270400A12609010000HJ, pasando de ser un ben de dominio público a ser un ben de carácter patrimonial;

SEGUNDO.- Reflexar na rectificación anual do Libro de Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que se propón.

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde para que suscriba os documentos e realice os trámites que sexan necesarios en orde a cumprir a execución dos anteriores acordos."

PUNTO SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde pregunta ós membros do pleno se teñen algún rogo ou pregunta que formular.

Ante a ausencia de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde dá por concluído o pleno do Concello de Palas de Rei.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e vinte minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

